de 0 a 15 anos	2.019	1.066	953	2013	INE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	9,2	2011	IGE	
de 16 a 64 anos	9.796	4.917	4.879	2013	INE	Índice de envellecemento	130,8	2012	IGE	
de 65 e máis anos	3.260	1.481	1.779	2013	INE	Idade media á maternidade	31,6	2011	IGE	
Poboación estranxeira	876	398	478	2013	INE	Número medio de fillos por muller	1,1	2011	IGE	
Idade media	44,7	43,6	45,7	2012	IGE	Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	4,5	2011	IGE	
Movemento natural da poboación						Idade media ó primeiro matrimonio				
Total	Homes	Mulleres	Periodo	Fonte	Homes	Mulleres	Periodo	Fonte		
Nacementos	133	76	57	2012	IGE-INE	32,7	29,9	2011	IGE	
Defuncións	112	56	56	2012	IGE-INE					
Matrimonios	88			2012	IGE-INE	Alumnos matriculados no ensino non universitario				
Saldo vexetativo	21			2012	IGE-INE	Total	1.484	2013	CCEOU	
Movementos migratorios						Educación infantil	360	2013	CCEOU	
		Emigracións	Inmigracións	Periodo	Fonte	Educación primaria	601	2013	CCEOU	
Á mesma provincia		416	521	2012	INE	ESO	396	2013	CCEOU	
A outra provincia		34	50	2012	INE	Afiliações en alta laboral				
A outra comunidade		146	138	2012	INE	Total	5.121	2.647	2.474	2013/De
Estranxeiro		49	103	2012	INE					cembro
Paro rexistrado (1)						Afiliações en alta laboral por sectores				
Total	Homes	Mulleres	Periodo	Fonte	Dato	Periodo	Fonte			
Por idade										
Total	1.270	620	650	2013	CT	Agricultura e pesca	135	2013/De	SS	
menores de 25 anos	60	36	24	2013	CT	Industria	535	2013/De	SS	
outras idades	1.210	584	626	2013	CT	Construción	387	2013/De	SS	
Por sectores de actividade						Servizos	4.057	2013/De	SS	
Agricultura	24	21	3	2013	CT					
Industria	145	93	52	2013	CT	Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social	188	2012	CT	
Construción	173	150	23	2013	CT					
Servizos	860	328	531	2013	CT					
Sen emprego anterior	68	27	41	2013	CT					
Eleccións										
			Dato	Periodo	Fonte					
Censo electoral			12.135	2012	CP	Nº de contratos iniciais rexistrados	2.440	2013	CT	

## 4.2. SOCIOECONOMÍA


### 4.2.1. Análise socioeconómica

Segundo os datos estatísticos (Seguridade Social, Caixanova, Ardán), a AM da Coruña está a ser o primeiro centro empresarial de Galicia con unha maior produtividade aparente, xunto á área urbana con maior rendibilidade do seu tecido empresarial. Esta conxunción aporta unha estrutura económica que constitúe un forte soporte para reforzar a súa competitividade no sistema de cidades de Galicia e co exterior, onde aparece como a aglomeración do sistema urbano galego máis competitiva en termos de produtividade.

Na estrutura económica comarcal destaca o importante número de efectivos activos que se dedican ao sector servizos. Cabe falar dunha comarca profundamente *terciarizada*, pese a importancia da industria nalgúns concellos (Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo...) o sector servizos engloba a un continxente que case triplica aos efectivos do resto dos sectores.

Neste entorno de servizos a cidade da Coruña xoga un papel fundamental, pois nela desenvolven o seu traballo efectivos empadroados noutros concellos da comarca. Este feito outorga uns valores ficticios estatísticos de carácter terciario a concellos que en realidade carecen da infraestrutura de servizos que revelan as estatísticas.


#### Empresas con actividade na Comarca da Coruña segundo a actividade principal. Ano 2012





**Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo sexo e grupos de idade. Concello de Sada. Ano 2013**

	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>5.121</b>	<b>2.647</b>	<b>2.474</b>
<20	15	8	7
20-24	163	83	80
25-29	388	169	219
30-34	681	315	366
35-39	792	422	370
40-44	813	423	390
45-49	743	383	360
50-54	663	345	318
55-59	520	299	221
>=60	343	200	143




■ Homes ■ Mulleres


O concello de Sada constitúe unha area funcional dentro deste conxunto cunha estrutura económica de carácter turístico pesqueiro con implantacións empresariais de servizos: (hostalería e o turismo, pesca, industria alimenticia e de bebidas, químicas e distribución, almacenaxe...)

Segundo se desprende dos datos de afiliación á seguridade social, nos derradeiros anos existe unha lixeira vantaxe da poboación masculina ocupada fronte á poboación ocupada feminina, aínda que esta vai mingando. O feito de que a muller segue a dedicarse en maior medida ás tarefas do fogar, non recoñecidas como actividade laboral, repercute no resultado estatístico:

**Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo sexo. Concello de Sada.**

	2011	2012	2013
Homes	2.796	2.701	2.647
Mulleres	2.511	2.542	2.474






**Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o réxime de afiliación. Concello de Sada. Ano 2013**


<b>Total</b>	<b>5.121</b>
Réxime xeral	3.657
Réxime especial de autónomos	1.163
Réxime especial agrario	6
Réxime especial do mar	99
Réxime especial empregados do fogar	196

**Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sector de actividade. Concello de Sada. Ano 2013**


<b>Total</b>	<b>5.121</b>
Agricultura e pesca	135
Industria	535
Construción	387
Servizos	4.057
Non consta	7




**Evolución do paro por sectores de actividade. Concello de Sada: 2005-2013.**



**Evolución do paro rexistrado segundo grandes grupos de idade. Concello de Sada: 2005-2013**



**Evolución do paro rexistrado segundo xénero. Concello de Sada: 2005-2013**



Nos últimos 8 anos no Concello de Sada o número total de parados incrementouse en 569 parados, (fronte a un incremento da poboación de máis de 2.208 habitantes). O sector de actividade onde máis medrou o número de parados é o sector servizos (debido a que é maior o contingente de efectivos que abrangue este sector), seguido da construción e da industria.

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Paro total</b>	<b>701</b>	<b>683</b>	<b>683</b>	<b>697</b>	<b>953</b>	<b>1.037</b>	<b>1.091</b>	<b>1.212</b>	<b>1.270</b>
Agricultura/Pesca	17	22	18	28	23	27	26	27	24
Industria	83	88	82	79	109	122	133	148	145
Construción	60	50	46	58	134	153	168	177	173
Servizos	476	462	480	479	634	667	697	789	860
Sen emprego anterior	65	61	57	52	52	69	68	71	68


A análise da evolución das cifras do paro por grupos de idade reflicte un maior incremento do paro no grupo de idade dos maiores de 25 anos (as cifras duplícanse nos derradeiros 8 anos). Nos menores de 25 existe un estancamento con altibaixos, o que nos indica a tardía incorporación da poboación nova ao mundo laboral.

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Menores de 25 anos	83	70	62	58	91	83	69	67	60
25 e máis anos	618	613	621	639	862	954	1.022	1.145	1.210

No tocante a comparativa do paro por sexos reiterase o maior taxa de paro feminino que experimentou un incremento moi acusado no ano 2006, e que nos anos 2007 e 2008 case que dobraba o paro masculino, pero que foi igualándose nos derradeiros anos.


	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Total</b>	<b>701</b>	<b>683</b>	<b>683</b>	<b>697</b>	<b>953</b>	<b>1.037</b>	<b>1.091</b>	<b>1.212</b>	<b>1.270</b>
Homes	291	286	268	290	425	471	520	592	620
Mulleres	409	397	415	406	528	567	571	621	650





**Paro rexistrado segundo xénero e grupos quinquenais de idade. Concello de Sada. Ano 2013**


	16 a 19 anos	20 a 24 anos	25 a 29 anos	30 a 34 anos	35 a 39 anos	40 a 44 anos	45 a 49 anos	50 a 54 anos	55 a 59 anos	60 a 64 anos
Homes	5	31	47	78	78	69	81	83	92	56
Mulleres	4	21	58	87	89	101	83	79	81	47



A pirámide de poboación activa parada amosa graficamente os grupos de idade máis afectados polo problema do desemprego, cun gran continxente de poboación parada entre os 30 e os 55 anos.

**Paro rexistrado segundo xénero e nivel de estudos rematados. Concello de Sada. Ano 2013**


	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>1.270</b>	<b>620</b>	<b>650</b>
Analfabetos	57	30	27
Estudos primarios incompletos	192	98	94
Estudos primarios completos	123	79	44
Estudos secundarios	663	324	339
Estudos postsecundarios	234	88	146



**Paro rexistrado segundo sector de actividade. Concello de Sada. Datos mensuais do ano 2013**


	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
<b>Paro total</b>	<b>1.281</b>	<b>1.296</b>	<b>1.305</b>	<b>1.336</b>	<b>1.333</b>	<b>1.279</b>	<b>1.249</b>	<b>1.200</b>	<b>1.220</b>	<b>1.244</b>	<b>1.280</b>	<b>1.215</b>
Agricultura/Pesca	21	22	23	25	28	24	23	25	26	26	25	23
Industria	155	154	150	154	149	145	141	145	136	135	136	137
Construción	177	181	187	186	179	173	171	162	163	164	165	165
Servizos	867	876	880	897	904	863	838	810	834	850	879	818
Sen emprego anterior	61	63	65	74	73	74	76	58	61	69	75	72

Durante o ano 2013 a gráfica da evolución mensual do paro por sectores de actividade amosa un descenso do paro na época de verán, existe polo tanto un factor de estacionalidade relacionado directamente co sector servizos (paralelismo nas gráficas) e a condición de Sada como concello turístico de sol e praia. O índice do paro total e do paro do sector servizos evidencia a importancia deste sector en canto a poboación ocupada no concello de Sada.






**Contratos rexistrados segundo nivel de formación e modalidade do contrato. Concello de Sada. Ano 2013**




	Total	Analfabetos	Estudos primarios	Estudos secundarios	Estudos superiores	Sen clasificar
<b>Total de contratos rexistrados</b>	<b>2.551</b>	<b>151</b>	<b>293</b>	<b>1.872</b>	<b>230</b>	<b>5</b>
<b>Total de contratos iniciais</b>	<b>2.440</b>	<b>139</b>	<b>278</b>	<b>1.801</b>	<b>217</b>	<b>5</b>
Indefinido ordinario e fomento do emprego	118	5	25	66	21	1
De obra ou servizo	698	13	110	471	100	4
Eventual por circunstancias da produción	1.419	113	127	1.106	73	0
Interinidade	109	7	9	84	9	0
En prácticas	12	0	0	2	10	0
Para a formación	17	0	5	11	1	0
Outros	67	1	2	61	3	0
Conversións a indefinidos	111	12	15	71	13	0

**Contratos rexistrados segundo modalidade do contrato e tipo de xornada. Concello de Sada. Ano 2013**




	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo
<b>Total de contratos rexistrados</b>	<b>2.551</b>	<b>1.540</b>	<b>1.006</b>	<b>5</b>
<b>Total de contratos iniciais</b>	<b>2.440</b>	<b>1.468</b>	<b>967</b>	<b>5</b>
Indefinido ordinario e fomento do emprego	118	73	40	5
De obra ou servizo	698	385	313	0
Eventual por circunstancias da produción	1.419	865	554	0
Interinidade	109	58	51	0
En prácticas	12	8	4	0
Para a formación	17	17	0	0
Outros	67	62	5	0
Conversións a indefinidos	111	72	39	0





Evolución dos contratos rexistrados segundo sector de actividade económica. Concello de Sada


	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Total</b>	<b>1.643</b>	<b>1.875</b>	<b>1.891</b>	<b>2.210</b>	<b>2.724</b>	<b>3.304</b>	<b>2.982</b>	<b>2.758</b>	<b>2.436</b>	<b>2.345</b>	<b>2.565</b>	<b>2.551</b>
Agricultura e pesca	37	35	68	62	48	97	96	76	83	44	60	54
Industria	99	84	92	105	131	116	120	131	96	85	79	120
Construcción	249	242	371	389	476	370	308	231	205	163	189	147
Servizos	1.258	1.514	1.360	1.654	2.069	2.721	2.458	2.320	2.052	2.053	2.237	2.230



Evolución dos contratos rexistrados segundo tipo de contrato. Concello de Sada

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Total</b>	<b>1.643</b>	<b>1.875</b>	<b>1.891</b>	<b>2.210</b>	<b>2.724</b>	<b>3.304</b>	<b>2.982</b>	<b>2.758</b>	<b>2.436</b>	<b>2.345</b>	<b>2.565</b>
Contratos iniciais. De duración indefinida	106	114	75	92	106	173	167	137	92	88	139
Contratos iniciais. Temporais ou de duración determinada	1.433	1.639	1.652	1.962	2.327	2.921	2.605	2.389	2.176	2.125	2.322
Conversiones a indefinidos	104	122	164	156	291	210	210	232	168	132	104

**Evolución dos contratos iniciais segundo o nivel de formación: 2002-2012**



**Contratos iniciais rexistrados segundo tipo de contrato e nivel de formación. Concello de Sada. Ano 2012**



	Contratos iniciais. De duración indefinida	Contratos iniciais. Temporais ou de duración determinada	Conversiones a indefinidos
<b>Total</b>	<b>139</b>	<b>2.322</b>	<b>104</b>
Analfabetos	11	157	10
Estudos primarios	43	268	3
Estudos secundarios	71	1.706	63
Estudos superiores	11	190	28
Sen determinar	3	1	0

A análise das táboas e gráficas amosa que o perfil do contrato tipo asinado durante o ano 2012 é un contrato temporal no sector servizos (87,5% dos contratos iniciais totais), cun nivel de formación de estudos secundarios (73,71%).

Os homes contratados (61,95%) son maioría fronte as mulleres (38,05%). A contratación indefinida feminina acada o 2% do total de contratos e os contratos indefinidos os homes o 4%.

**Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade do contrato. Concello de Sada. Ano 2012**

	Total	Homes	Mulleres
<b>Total de contratos rexistrados</b>	<b>2.565</b>	<b>1.589</b>	<b>976</b>
Indefinido ordinario e fomento do emprego	138	92	46
De obra ou servizo	739	478	261
Eventual por circunstancias da produción	1.331	856	475
Interinidade	142	41	101
En prácticas	14	5	9
Para a formación	14	12	2
Outros	83	50	33
Conversiones a indefinidos	104	55	49



**Principais datos económicos da rama agraria e pesqueira. Galicia. Ano 2012**

Ocupados (miles de persoas)	Dato
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	59,2
Pesca e acuicultura	20,6
Valor engadido bruto (miles de euros)	2.458.622,0
Crecedemento do valor engadido bruto (%)	1,3
VEB da rama agraria e pesqueira/PIB (%)	4,4

**Distribución municipal de usos. Concello de Sada. Ano 2012**

<b>Superficie total do concello</b>	<b>2.751</b>
<b>Superficie forestal total</b>	<b>1.129</b>
Forestal arborizado	1.121
Pasteiro, Pasteiro arbustivo e Mato	8
<b>Superficie de cultivo e prado</b>	<b>130</b>
<b>Outras superficies</b>	<b>1.492</b>

**Distribución comarcal de usos. Comarca da Coruña. Ano 2012**

<b>Superficie total da comarca</b>	<b>47.070</b>
<b>Superficie forestal total</b>	<b>23.361</b>
Forestal arborizado	20.642
Pasteiro, Pasteiro arbustivo e Mato	2.720
<b>Superficie de cultivo e prado</b>	<b>8.142</b>
<b>Outras superficies</b>	<b>15.569</b>

**4.2.2. Estrutura por sectores de actividade**

**4.2.2.1. Sector primario**

O sector primario atópase nun estado de recesión en toda a comarca, descendeu o número de empregados en favor do terciario, ademais, existe unha forte presión da área urbana no subsector agropecuario e forestal, o que condiciona os aproveitamentos e usos do solo que en moitas ocasións perden a súa “vocación” agraria na espera de futuras recualificacións.

Na estrutura socioprofesional o sector primario emprega ao 3% da man de obra local, centrada principalmente na pesca. Destaca o porto de Sada, no lugar de Fontán, onde se traballa a pesca de baixura, con capturas de xurelos, sardiñas, xoubas e xardas que se comercializan en diferentes lonxas da comarca coruñesa e tamén fóra da comunidade galega. Tamén sobresaie o marisqueo, con especies como o berberecho e as ameixas fina e babosa.

As actividades agropecuarias, que no pasado recente ocupaban ao 30% dos activos, experimentaron un forte retroceso e oriéntanse ao autoconsumo ou como complemento ás rendas familiares. Os produtos hortícolas diríxense ao mercado coruñés e arredores.

A maior parte das explotacións son traballadas a tempo parcial por persoas empregadas noutros sectores económicos. Así mesmo, cabe destacar que a inmensa maioría das parcelas presentan un área inferior a 5 ha. Nos últimos anos, a superficie das especies forestais e doutros espazos non agrícolas aumentaron considerablemente, debido, por unha parte ao abandono das terras labradas e dos pasteiros, e por outro ao incremento da intervención antrópica no territorio.


O 41,04% da superficie total do concello é superficie forestal e case un 5% é superficie de cultivo e prado.

No ámbito comarcal os terreos forestais arborizados, representan case o 45 % da superficie total do solo fronte ao case 18% de superficie destinada a cultivo e prado.

Estes resultados mostran a importancia que o subsector forestal podería ter na socioeconomía deste territorio, sobre todo se existise unha xestión forestal máis ordenada e sostible que garantise a súa multifuncionalidade desde os puntos de vista ambiental, económico e social, o que tamén iría contribuír para a redución dos incendios forestais. Un dos principais problemas é que a inmensa maioría da superficie forestal está en mans privadas, sendo moitas delas propiedades fragmentadas de difícil aproveitamento, o que denota unha carencia de cultura forestal e asociativa neste territorio. En xeral trátase de producións de baixo valor engadido debido entre outros: á dependencia do monocultivo forestal do eucalipto, pequeno tamaño das empresas forestais, baixo grao de diversificación da produción, escasa normalización e certificación da calidade dos produtos, insuficiente orientación comercial e deficientes canais de comercialización, equipamentos obsoletos en moitas empresas.

Cabe salientar tamén a forte presenza do subsector viveirista dedicado a planta ornamental, hortofruticultura e floricultura, no territorio comarcal, no concello de Sada existen 9 viveiros. A situación deste subsector presente deficiencias na planificación conxunta entre producións de cultivos e estruturas de comercialización.

A modo de síntese, compre dicir, que dentro deste territorio o subsector agrícola, caracterízase polas súas dificultades para a negociación fronte aos provedores e distribuidores, (baixo valor engadido das producións, estancamento dos prezos, etc.) debido á súa débil estrutura comercial. Así mesmo, no que se refire o subsector hortícola, detéctanse problemas de planificación e dificultades para acceder a novos mercados.



**Explotacións agrícolas no Concello de Sada segundo o Réxime de tenencia da SAU.** (Fonte: INE)

	Número de Explotacións
Propiedade do titular	48
Arrendamento	10
Parcería ou outros réximes de tenencia	8


**Explotacións agrícolas no Concello de Sada segundo o Tramo de Superficie Total** (Fonte: INE)

	Número de Explotacións
De 0,1 a menos de 0,2 Ha	1
De 0,2 a menos de 0,5 Ha	5
De 0,5 a menos de 1 Ha	7
De 1 a menos de 2 Ha	17
De 2 a menos de 3 Ha	14
De 3 a menos de 4 Ha	5
De 4 a menos de 5 Ha	1
De 5 a menos de 10 Ha	4

**Explotacións agrícolas no Concello de Sada segundo o Aproveitamento de Terras: Detalle de cultivos, Pastos permanentes e outras terras** (Fonte: INE)

	Superficie (Ha)
Trigo brando e escanda	0,6
Trigo duro	1,18
Millo en grao	11,27
Garavanzos, xudías, lentellas	0,11
Chícharos, fabas, faballóns e chícharos doces	0,46
Pataca	8,93
Raíces e tubérculos forraxeiros	0,1
Millo forraxeiro de colleita en verde	4,17
Hortalizas, melóns e fresas. Ao aire libre ou en abrigo baixo. En terra de labor	1,65
Hortalizas, melóns e fresas. Ao aire libre ou en abrigo baixo. En terreos hortícolas	3,09
Hortalizas, melóns e fresas. En invernadoiro ou en abrigo alto (accesible)	0,35
Flores e plantas ornamentais. Ao aire libre e/u abrigo baixo	1
Flores e plantas ornamentais. En invernadoiro	0,4
Barbeito sen axuda económica	6,66
Horta para consumo familiar (menor a 500 m <sup>2</sup> )	0,33
Cítricos	0,02
Froiteiros orixinarios de clima temperado	0,6
Froiteiros orixinarios de clima subtropical	0,07
Froiteiros de froito seco	0,01
Uva de vinificación	0,01
Viveiros	3,43
Prados e praderías permanentes	30,24
Outras superficies utilizadas para pastos	3,13
Terreo con vexetación espontánea e sen aproveitamento agrícola e que non se utiliza para pastos	2,67
Superficie con especies arbóreas forestais que non se utiliza para pastos	20,17
Eiras, construcións, canteiras, patios, camiños, estanques, ...	0,51
Outras terras cultivables que non ten sido utilizadas na campaña	2,74






### Subsector gandeiro

O peso do **subsector gandeiro** ten pouca importancia, a súa evolución na última década parece non ser compatible coa dinámica económica do concello.

### Número de explotacións e bovinos.

Concello de Sada	2002	2003	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Número de explotacións	41	46	26	21	19	19	16	18	13	11
Número de bovinos	131	124	81	56	42	38	31	38	29	23
Número de vacas	114	100	51	34	25	18	17	16	15	12
Número de vacas de muxidura	77	60	28	16	11	5	5	6	4	0
Número de vacas de non muxidura	37	40	23	18	14	13	12	10	11	12
Outros bovinos	17	24	30	22	17	20	14	22	14	11



### Gando porcino. Distribución de prazas en explotacións industriais. Número de prazas

Concello de Sada	2002	2003	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Prazas de reprodutoras	235	235	270	270	233	233	233	233	188	188
Prazas de cebo	1.000	1.000	750	750	0	0	0	0	0	0

**Subsector pesqueiro.**


O ano 2009 presentou un importante crecemento da produción pesqueira e marisqueira total das distintas lonxas galegas. Esta medrou un 12,8% en relación á produción do ano anterior, acadando un total de 195,8 miles de toneladas. Pola contra, o ano 2013 pode considerarse como un mal ano para a venda, xa que o valor en primeira venda mantén a tendencia descende do ano anterior, acadando un valor de 413,19 millóns de euros.

**Volume de negocios das principais lonxas de Galicia. Ano 2013.**

Lonxa	Quiilos	Importe €
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	39.935.034,68	82.977.196,54
Ribeira	27.705.520,19	33.288.154,32
Noia	1.651.855,□6	8.609.252,99
Portosín	6.930.990,50	6.497.129,24
Cedeira	802.5□6,90	4.596.731,67
Muros	2.383.00□,16	4.320.174,11
Ca□ariña□	□.876.637,30	2.988.955,01
Rianxo	417.733,60	2.897.454,19
Malpica	1.080.964,91	2.624.696,49
Fisterra	570.793,71	1.986.128,61
Ferrol	324.319,34	1.813.297,39
Barallobre	212.707,53	1.494.556,00
Aguiño	160.182,50	1.458.478,35
Cabo de Cruz	110.730,50	1.339.679,30
Cariño	676.600,78	1.002.608,43
Pobra do Caramiñal	120.963,90	984.708,13
Corcubión	242.365,91	950.569,73
Laxe	323.280,11	759.929,18
<b>Sada</b>	<b>160.858,00</b>	<b>279.113,35</b>


Fonte: <http://www.pescadegalicia.com>

**Evolución histórica da produción pesqueira y marisqueira en Galicia. Anos 2001- 2013.**



Fonte: <http://www.pescadegalicia.com>

**Evolución histórica da venda da produción pesqueira y marisqueira en Galicia. Anos 2000- 2013.**



Fonte: <http://www.pescadegalicia.com>

A lonxa do porto de Sada-Fontán acada unha importante actividade a nivel autonómico e provincial. A súa flota, de buques de baixura, descargou durante o ano 2005 máis de 4 millóns de quilos, cun valor superior a 2 millón de euros.

Porén nos anos seguintes, a produción foi descendendo ata acadar no ano 2013 unha produción de 160.858 kg e un valor de vendas de 279.113,35 €.

#### Especies vendidas na Lonxa de Sada no ano 2013


Descrición	Quilos	Importe €
Sardiña	131.880,00	257.965,86
Xarda	20.005,00	12.844,41
Xurel	4.242,00	1.560,70
Xarda pintada	2.505,00	3.000,38
Boga	756,00	176,40
Bonito do Atlántico	596,00	991,65
Melva	350,00	437,50
Choco	152,00	60,40
Ameixa xaponesa	102,00	324,00
Choupa	86,00	30,10
Polbo	58,00	249,25
Faneca	41,00	135,00
Centola	38,00	380,00
Sargo común	14,00	74,20
Escachos	10,00	30,00
Camarón común	7,00	140,00
Nécora	6,00	80,00
Alcrique	5,00	18,50
Linguado	5,00	66,00
<b>Total</b>	<b>160.858,00</b>	<b>279.113,35</b>

Fonte: <http://www.pescadegalicia.com>

#### Evolución de vendas na Lonxa de Sada

Data	Quilos	Importe €
2001	3.827.590,00	2.554.485,83
2002	3.114.985,00	2.326.626,25
2003	3.256.699,00	1.882.001,96
2004	3.668.190,93	2.046.356,50
2005	4.022.033,10	2.402.668,86
2006	3.158.052,85	1.894.146,00
2007	2.934.289,25	1.809.981,41
2008	1.708.074,74	1.159.724,23
2009	1.356.353,95	927.788,72
2010	1.494.798,75	1.218.737,66
2011	865.192,30	997.612,04
2012	504.726,70	820.696,53
2013	160.858,00	279.113,35
<b>Total</b>	<b>30.071.844,57</b>	<b>20.319.939,34</b>

Fonte: <http://www.pescadegalicia.com>



Fonte: <http://www.pescadegalicia.com>



**Táboa I: Nº de cuadrículas nos polígonos de viveiros flotantes da Ría de Ares e Betanzos**

DISTRITO MARÍTIMO	POLÍGONO DE VIVEIROS	CUADRÍCULAS		TIPO DE CULTIVO		
		TOTAIS	OCUPADAS	MEXILLÓN	OUTRAS	EXPERIMENTAIS
Sada	1	109	99	83	1	15
	2	40	39	21	1	17
		<b>149</b>	<b>138</b>	<b>104</b>	<b>2</b>	<b>32</b>

**Táboa II: Produción (kg) de mexillón nos polígonos de viveiros flotantes Sada 1 e Sada 2**

ANO	PRODUCCIÓN DE MEXILLÓN (kg)		
	SADA 1	SADA 2	TOTAL
<b>2009</b>	4.671.740	2.439.643	<b>7.111.383</b>
<b>2010</b>	4.876.365	1.700.954	<b>6.577.319</b>
<b>2011</b>	4.270.862	2.351.718	<b>6.622.580</b>

• **ACTIVIDADE MARISQUEIRA**

A Ría de Sada está autorizada como zona de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños.

O litoral do Concello de Sada está incluído como GAL 04/01 para a produción de moluscos bivalvos e gasterópodos tanto unha clasificación microbiolóxica de B, GAL 12 para polígonos de cultivo Sada A e Sada B tamén clasificada como zona B e como GAL 04 para a explotación de equinodermos cuxa calidade é de zona A.

O Plan Xeral de Explotación Marisqueira contempla os seguintes plans de explotación:

- Plan de Explotación (PE) Conxunto das Confrarías de Sada e Miño para a extracción de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo a pé. Neste plan están autorizadas 23 mariscadoras para a extracción de Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*), ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*), berberecho (*Cerastoderma edule*) e longueirón vello (*Solen marginatus*). Unha das características deste Plan é que a maior carga de traballo implica o traslado das especies autorizadas cara outros bancos de explotación conxunta para mellorar o crecemento dos individuos.
- Plan de Explotación (PE) Conxunto das Confrarías de Coruña, Mera, Lorbé e Sada para a explotación do Percebe (*Pollicipes pollicipes*) baixo as modalidades de a pé e dende embarcación. Autorizada a 19 mariscadores a pé e 35 embarcacións.
- Plan de Explotación (PE) Conxunto das Confrarías de Coruña e Barallobre para o ourizo (*Paracentrotus lividus*) con mergullo con subministración de aire dende a superficie e que autoriza a 17 embarcacións e 17 mergulladores.

• **ACUICULTURA**

- Acuicultura na zona terrestre

No Concello de Sada na actualidade tan só está autorizado un establecemento de acuicultura localizado no Porto de Sada-Fontán.

- Acuicultura na zona marítima

Na banda sur da Ría de Ares e Betanzos e no norte do Porto de Sada, están localizados os polígonos de viveiros flotantes Sada 1 e 2. Estes polígonos están localizados no distrito marítimo de Sada (entre punta Carboeira e punta da Torrella).


O número total de cuadrículas dos dous polígonos é de 149 (táboa I). Delas na actualidade están ocupadas 138 (93% do total): 104 para a produción de mexillón (*Mytilus galloprovincialis* Lamarck, 1918), 2 para especies varias e 32 experimentais (moluscos bivalvos, peixes, algas, etc.). A produción de mexillón total en 2011 foi de 6.622 t (táboa II).

No Porto de Sada están censados 8 barcos auxiliares de acuicultura que supoñen un arqueo total de 334 TRB (398 GT) e 1651 CV.

No que respecta aos cultivos experimentais nos polígonos de viveiros flotantes podemos destacar as seguintes experiencias:

- Cultivo de algas mariñas en liñas de cultivo nunha cuadrícula do polígono Sada 2. As especies autorizadas son *Undaria pinnatifida* (Harvey) Suringar, 1873,; *Saccharina latissima* (Linnaeus) C.E. Lane, C. Mayes, Druehl&G.W. Saunders, 2006, ; e especies do xénero *Codium* Stackhouse, 1797. A produción declarada en 2011 foi de 216 kg de argazo real (*Saccharina latissima*).
- Captación de semente de mexillón en 16 cuadrículas (6 no polígono Sada 1 e 10 no polígono Sada 2) nas que se está experimentando con diferentes colectores de semente colocados en artefactos flotantes (bateas e liñas de cultivo).
- Engorde de volandeiras (*Aequipecten opercularis* (Linnaeus, 1758)) e zamburiña (*Mimachlamys varia* (Linnaeus, 1758)) nunha cuadrícula do polígono de bateas Sada 1.
- Para cultivo de peixes en gaiolas están autorizadas 15 cuadrículas, nas que se realizan experiencias con diferentes especies. A produción de ollmol *Pagellus bogaraveo* (Brünnich, 1768) en 2011 foi de 245 toneladas.





- ARTES MENORES

A Ría de Ares-Betanzos atópase dentro da zona administrativa VII de Galicia. Dende 1999 a Unidade Técnica de Pesca de Baixura fai o seguimento da actividade pesqueira nas costas de Galicia e na súa base de datos consta que na área de estudo desenvolven a súa actividade pesqueira embarcacións do censo de artes menores pertencentes aos portos de Lorbé, Pontedeume, Sada, Miño e Ares.

En relación as artes e lances e tipos de capturas:


- Na Ría de Ares-Betanzos hai 61 embarcacións con porto base na área de estudo. Os portos con maior flota con Pontedeume (29,6%), Sada (27,9%) e Lorbé (22,9%).
- A maioría son embarcacións de pequeno porte. Un 57,4% das embarcacións son menores de 2,5 TRB, tipo I e II.
- As embarcacións dispoñen dun total de 219 autorizacións de 15 artes diferentes no seu permiso de explotación, sendo o enmalle (miños, vetas e transmallos) e as nasas (polbo, nécora-camarón) as principais.
- Nos 227 lances de 5 artes observados pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura capturáronse un total de 83 especies diferentes.
- As principais especies obxectivos son os cefalópodos (polbo) para as nasas de polbo e nécora-camarón, os crustáceos (a centola no enmalle e a nécora e o camarón na nasa nécora-camarón) e diversos peixes nas artes de enmalle (pescada nas vetas).
- Non atopamos plans específicos para a zona, tan só plans xerais que abranguen toda Galicia

#### Empresas por situación de actividade. Nº de empresas

Concello de Sada	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Alta	97	137	141	145	152	116	119	136	126
Permanencia	872	913	960	1.086	1.122	1.136	1.120	1.135	1.103
Baixa	39	65	90	74	113	141	133	144	173

#### Empresas segundo actividade principal e estrato de asalariados. Número de empresas

Concello de Sada Ano 2012	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Tódalas actividades	1.229	724	16	392	2	95
Industria, incluída a enerxía	73	28	6	33	1	5
Construción	206	80	3	106	0	17



#### 4.2.2.2. Sector secundario.


Sada concentra toda a súa zona industrial no Polígono do Arco Iris, onde están localizadas arredor de 20 empresas. Este polígono está situado na parroquia de Soñeiro, no extremo sur do municipio, na marxe da estrada N-VI. A súa localización é privilexiada, lindando cos termos municipais de Bergondo e Cambre así como cos seus respectivos polígonos industriais (Bergondo e Espírito Santo).

O polígono carece de moitas infraestruturas e servizos, precisos para a implantación de nova actividade industrial, por non ter delimitada con claridade a superficie empresarial/industrial e a dedicada a outros usos. Coexisten nun chan cualificado como industrial vivendas de uso residencial, xunto con terreos forestais ou sen edificar.

A construción da Vía Ártabra (circunvalación de alta capacidade da área metropolitana) sobre o linde oeste do municipio de Sada, será fundamental para mellorar o acceso aos polígonos comerciais e industriais da zona, aspecto fundamental para o desenvolvemento socioeconómico.

O secundario depende en gran medida dos recursos primarios proporcionados pola pesca, sobre todo polas factorías de transformación e de conservas de peixe. Tamén destacan as industrias de pirotecnia, pensos, mobles, madeira e carpintería metálica, aínda que a máis relevante é a de Cerámicas do Castro.


Á parte da industria, que emprega case o 4% da poboación activa, o sector secundario complétase coas actividades da construción, que ocupan ao 11,04%. Este subsector estaba en auxe nos últimos anos do século XX e primeiros do XXI ante o rápido crecemento da oferta residencial do concello, pero foi un dos sectores máis prexudicados pola situación de crise actual.



**Empresas do sector secundario segundo actividade principal**

CONCELLO DE SADA. ANO 2012	Nº DE EMPRESAS
<b>TOTAL</b>	<b>279</b>
<b>INDUSTRIA, INCLUÍDA A ENERXÍA</b>	<b>73</b>
Industria da alimentación	12
Fabricación de bebidas	1
Confección de roupa de vestir	3
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	3
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	4
Industria química	1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	8
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1
Fabricación doutro material de transporte	1
Fábrica de móbeis	3
Outras industrias manufactureiras	10
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	15
Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	4
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>206</b>
Construción de edificios	87
Enxeñaría civil	3
Actividades de construción especializada	116

Como se pon de manifesto na táboa anterior a actividade que presenta unha maior presenza en canto a número de empresas dentro do sector secundario é a construción, xa que esta actividade ven a representar un 74% do total das empresas dedicadas a actividades do sector secundario.



### Número de licenzas segundo tipo de obra

Concello de Sada	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Total</b>	<b>132</b>	<b>94</b>	<b>91</b>	<b>77</b>	<b>110</b>	<b>105</b>	<b>25</b>	<b>13</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>16</b>	<b>20</b>	<b>36</b>
<b>Nova planta</b>	<b>119</b>	<b>85</b>	<b>78</b>	<b>74</b>	<b>103</b>	<b>95</b>	<b>22</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>27</b>
<b>Rehabilitación</b>	<b>5</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>9</b>
Edificios	5	9	9	2	6	3	1	3	2	1	0	4	8
En locais	0	0	1	0	0	1	0	0	0	0	1	0	1
<b>Só demolición total</b>	<b>8</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>6</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>0</b>

66

### Número e superficie de edificios e vivendas segundo tipo de obra. Unidades e miles m<sup>2</sup>

Concello de Sada	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Edificios nova planta</b>	<b>140</b>	<b>135</b>	<b>126</b>	<b>81</b>	<b>139</b>	<b>144</b>	<b>22</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>27</b>
Residencial	140	133	125	81	129	142	22	7	9	7	12	15	27
Non residencial	0	2	1	0	10	2	0	0	0	0	0	0	0
<b>Superficie nova planta (m<sup>2</sup>)</b>	<b>110.130</b>	<b>72.724</b>	<b>55.873</b>	<b>46.662</b>	<b>123.539</b>	<b>138.275</b>	<b>41.124</b>	<b>10.092</b>	<b>5.832</b>	<b>2.256</b>	<b>4.780</b>	<b>4.122</b>	<b>8.300</b>
Residencial (m <sup>2</sup> )	110.130	69.187	53.534	46.662	114.482	135.977	41.124	10.092	5.832	2.256	4.780	4.122	8.300
Non residencial (m <sup>2</sup> )	0	3.537	2.339	0	9.057	2.298	0	0	0	0	0	0	0
<b>Vivendas nova planta</b>	<b>579</b>	<b>330</b>	<b>225</b>	<b>257</b>	<b>717</b>	<b>725</b>	<b>280</b>	<b>65</b>	<b>37</b>	<b>11</b>	<b>21</b>	<b>15</b>	<b>31</b>
<b>Edificios en rehabilitación</b>	<b>5</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>2</b>	<b>8</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>8</b>
<b>Vivendas en rehabilitación</b>	<b>0</b>	<b>8</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>6</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>2</b>
<b>Edificios en demolición</b>	<b>19</b>	<b>4</b>	<b>8</b>	<b>1</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>8</b>	<b>3</b>	<b>1</b>
<b>Vivendas en demolición</b>	<b>19</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>1</b>	<b>14</b>	<b>8</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>15</b>	<b>2</b>	<b>3</b>
<b>Variación neta parque vivendas</b>	<b>560</b>	<b>334</b>	<b>218</b>	<b>258</b>	<b>709</b>	<b>719</b>	<b>278</b>	<b>65</b>	<b>38</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>14</b>	<b>30</b>


### Número de transaccións inmobiliarias por réxime e tipo de vivenda.

Concello de Sada	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Total vivendas</b>	<b>357</b>	<b>382</b>	<b>570</b>	<b>369</b>	<b>351</b>	<b>206</b>	<b>219</b>	<b>107</b>	<b>147</b>	<b>95</b>
Réxime de vivenda										
Libre	357	382	568	367	351	206	219	106	147	95
Protexida	0	0	2	2	0	0	0	1	0	0
Tipo de vivenda										
Nova	191	191	387	226	277	107	111	59	86	13
2ª man	166	191	183	143	74	99	108	48	61	82



**Empresas segundo actividade principal e estrato de asalariados. Número de empresas**

Concello de Sada Ano 2012	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
<b>Tódalas actividades</b>	<b>1.229</b>	<b>724</b>	<b>16</b>	<b>392</b>	<b>2</b>	<b>95</b>
Industria, incluída a enerxía	73	28	6	33	1	5
Construción	206	80	3	106	0	17
<b>Servizos</b>	<b>950</b>	<b>616</b>	<b>7</b>	<b>253</b>	<b>1</b>	<b>73</b>



**4.2.2.3. Sector terciario.**

O sector servizos é o que alberga tanto ao maior número de traballadores coma de empresas, ocupando na actualidade a máis do 77% dos ocupados residentes no concello de Sada, inda que moitos deles desempeñan a súa actividade noutros concellos da comarca, principalmente na cidade da Coruña.


No terciario hai que salientar as actividades inmobiliarias, de aluguer e de servizos empresariais co 21,33% de ocupación, o que as converte nas máis importantes en termos laborais, seguidas das comerciais co 20,83%. Neste ámbito, concretamente o comercio por xunto está relacionado coa localización deste termo municipal na periferia coruñesa, co paso da N-VI e coa actividade do porto pesqueiro. Complétase coas actividades da hostalaría (7,41%) que, xunto coas inmobiliarias, están intimamente ligadas ao desenvolvemento turístico. Asemade, a capital municipal acolle algúns dos atractivos turísticos de Sada, que conta con diferentes ofertas recreativas nas praias e no porto deportivo. Tamén son importantes as actividades relacionadas cos transportes (5,00% de ocupación), cos servizos sociais (4,27%), cos sanitarios e veterinarios (4,03%) e coas tarefas domésticas (3,68%). A finais do século pasado creáronse varias empresas culturais como Edicións do Castro ou o Museo Galego de Arte Contemporánea de Carlos Maside.

O porto de Sada está emprazado en plena Ría de Betanzos, importante enclave turístico no medio da comarca das Mariñas. Dende 2009 o porto desenvolve unicamente actividade pesqueira e náutica-deportiva (o porto deportivo máis característico da comarca), que ademais conta con escola de vela. As súas características principais son:

Explanada comercial:	17.455 m <sup>2</sup>
Atraque:	876 m
Atraque peirao comercial:	273 m
Calado mínimo:	2 m
Calado máximo:	5 m
Prazas de amarre para embarcacións:	565
Peirao de espera:	Si

A entrada é ampla e non ofrece maiores dificultades que os fondos areosos que hai nos fondos das rías. Ao Sur do paralelo da punta de Fontán, os fondos son inferiores a 5 metros en baixamar. Aquí atopase un bo lugar para fondear, pero pódese facer porto en Fontán que, segundo o derroteiro, áchase ao SW deste fondeadoiro.

Dun punto da costa situado E-W coa pedra Pulgueira, arrinca un peirao de dirección E-NE, duns 140 metros de lonxitude. Desde o arranque deste ata punta Tiñosa existe un peirao de costa. Na actualidade, tamén se dispuxo dunha serie de pantaláns para embarcacións e un área destinada a estas ao N deste peirao. Da súa medianía arrinca un peirao pesqueiro e tamén debemos engadir que existe un dique de abrigo de 376 m. Orientado ao E-SE e unha explanada que conta con numerosas instalacións portuarias.<sup>6</sup>




**Empresas do sector servizos segundo actividade principal detallada.**

CONCELLO DE SADA	ANO 2012
<b>SERVIZOS</b>	<b>950</b>
<b>COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS</b>	<b>346</b>
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	43
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	108
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	195
<b>TRANSPORTE E ALMACENAMENTO</b>	<b>48</b>
Transporte terrestre e por tubaxe	41
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	3
Actividades postais e de correos	4
<b>HOSTALARÍA</b>	<b>136</b>
Servizos de aloxamento	11
Servizos de comidas e bebidas	125
<b>INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN</b>	<b>10</b>
Edición	2
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1
Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	7
<b>ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS</b>	<b>33</b>
Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1
Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	32
<b>ACTIVIDADES INMOBILIARIAS</b>	<b>26</b>
Actividades inmobiliarias	26
<b>ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS</b>	<b>141</b>
Actividades xurídicas e de contabilidade	54
Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	1
Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	56
Investigación e desenvolvemento	3
Publicidade e estudos de mercado	9
Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	12
Actividades veterinarias	6
<b>ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES</b>	<b>49</b>
Actividades de aluguer	8
Actividades relacionadas co emprego	1
Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con este	5
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	8
Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	27
<b>EDUCACIÓN</b>	<b>33</b>
Educación	33
<b>ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS</b>	<b>42</b>
Actividades sanitarias	37
Asistencia en establecementos residenciais	2
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	3
<b>ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO</b>	<b>26</b>
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	11
Actividades de xogos de azar e apostas	3
Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	10
<b>OUTROS SERVIZOS</b>	<b>60</b>
Actividades asociativas	7
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	11
Outros servizos persoais	42


A importancia que ten no Concello de Sada reflíctese no seguinte gráfico:

**Contratos rexistrados segundo sector de actividade económica. Concello de Sada. Ano 2013**



Aínda que é preciso destacar que a crise que actualmente afecta a toda a economía, incide dun xeito moi significativo sobre este sector:

